



Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

Estimado/a Sr./a Director/a,

O 31 de outubro o Auditorio de Galicia comeza a nova temporada de actividades didácticas dirixidas aos rapaces e rapazas galegos.

Ante a imposibilidade de satisfacer a numerosa demanda dos centros educativos para asistir as nosas actividades didácticas, consideramos necesario establecer unhas pautas e dar a coñecer os criterios de participación, co obxectivo de ofrecer a oportunidade ao maior número de colexios e institutos posíbel.

En primeiro lugar, queremos lembrarlles que a Concellaría de Acción Cultural a través do Auditorio de Galicia está facendo un enorme esforzo para que estas actividades manteñan o seu carácter gratuíto. Por este motivo e tendo en conta que un dos obxectivos é incluír os escolares composteláns nas actividades culturais que a nosa cidade organiza, daremos prioridade os centros de ensino de Santiago e Comarca (\*).

O **único procedemento de reserva** é enviar o formulario adxunto cumprimentado a [info@auditoriodegalicia.org](mailto:info@auditoriodegalicia.org). Poderán obter información das actividades didácticas na

**NOVA páxina WEB**, cuxo enderezo é o seguinte: [www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal)

- Dende o mércores, **19 de setembro** poderán enviar a solicitude os centros de ensino de **Santiago e Comarca** a partir das **8:30 horas**. Non se aceptarán aquelas recibidas antes desta hora. Nin tampouco as recibidas de centros de fóra de Santiago e Comarca este mesmo día.

- Dende o xoves, **20 de setembro** poderán enviar as solicitudes o **resto dos centros** a partir das **8:30 horas**. Non se aceptarán aquelas recibidas antes desta hora.

- Cada centro poderá reservar un máximo de 60 prazas por actuación.

- Prégase encarecidamente que se respeten as recomendacións das idades asignadas a cada concerto, así como a máxima exactitude posíbel á hora de facer as súas reservas para evitar as posteriores anulacións. Teñan en conta o tempo que lles leva chegar dende o centro escolar ata o Auditorio á hora de reservar o horario dos concertos.

- Na **páxina web sairá publicado un listado**, de cada concerto, cos nomes **dos centros educativos aos que se lles concederon as prazas**. Aqueles centros que non figuren no listado pasaran a unha lista de agarda.

Debido a boa acollida o curso pasado, ofrecemos de novo aos centros de ensino de Santiago a posibilidade de participar nos obradoiros que cada compañía de teatro, danza, maxia, monicreques, música e audiovisuais (excluídos os da RFG, banda e as obras de teatro “O secuestro da bibliotecaria” e “Cranios Privilexiados”) van realizar os días anteriores ou posteriores á función nos propios centros, para iso deberán de facelo constar no formulario da reserva.

O Departamento de Exposicións do Auditorio de Galicia e da Zona “C” dispón dun programa de visitas guiadas para escolares, adecuadas aos seus niveis educativos, se desexa concertar algunha visita non dubide en poñerse en contacto con nós.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo,

Xaquín López González  
Director-xerente do Auditorio de Galicia

(\*). Segundo a Fundación Comarcal de Santiago consideran da comarca de Santiago aos seguintes Concellos:

- CONCELLO DE AMES
- CONCELLO DE BOQUEIXÓN
- CONCELLO DE BRIÓN
- CONCELLO DE TEO
- CONCELLO DE VAL DO DUBRA
- CONCELLO DE VEDRA
- CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA